

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 25 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.*

A base novena da Orde do 11 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 25), pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisoria da fase de concurso.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es> o día 1 de xullo de 2010 as puntuacións provisionais do baremo establecido na Orde do 11 de marzo de 2010 da seguinte especialidade:

-Educación infantil.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixidas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Terceiro.-As reclamacións presentaranse a través do correo electrónico no enderezo da internet <http://www.persoal.primaria@edu.xunta.es>, ou ao fax 881 99 92 41, empregando o modelo que aparece no portal educativo.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 11 de xuño de 2010, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Servizo de Xestión de Servizos Xerais deste complexo hospitalario.*

Convocada por resolución do 26 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 93, do 19 de maio), a

provisión do posto de xefe de Servizo de Xestión de Servizos Xerais do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, esta dirección xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 5 de xuño),

### RESOLVE:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión do posto de xefe de Servizo de Xestión de Servizos Xerais do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, convocada, por resolución do 26 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 93, do 19 de maio).

Segundo.-Nomear, para o posto que se indica, a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscripción ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Coruña, 11 de xuño de 2010.

Alfredo García Iglesias

Director xerente do Complexo Hospitalario  
Universitario A Coruña